

NOTA DE PRENSA

Actividades complementarias da exposición ‘Manuel Colmeiro. Espazos e encadramentos’



Concerto do grupo CUCHICHEROS. Música vocal arxentina

Integrantes: María Carranza, soprano / Verónica del Villar, mezzo / Melisa Álvarez, mezzo e guitarra / Mauricio Martínez, tenor / Gabriel Campos, baixoo / Matias Tomasetto, percusión. Juan Manuel Brarda, barítono, guitarra, director musical

Convidado polo Coro Voces Graves de Vigo

Colabora: Consulado General de la República Argentina en Vigo

Xoves 30 de xaneiro, ás 20.00

MARCO, Galería A3 (planta baixa)

Entrada libre e gratuíta ata completar capacidade

+ INFO en <http://www.marcovigo.com/actividades>

Durante todo o período da exposición “**Manuel Colmeiro. Espazos e encadramentos**”, está previsto un conxunto de actividades paralelas e complementarias desta mostra, recentemente inaugurada nas salas do primeiro andar, e que permanecerá aberta ata o 24 de maio.

A primeira delas terá lugar este xoves 30 nunha das Galerías da planta baixa. O grupo **Cuchicheros** (dentro da súa xira europea, convidado polo Coro Voces Graves de Vigo) ofrecerá un repertorio de música vocal relacionado coa etapa de Colmeiro na Arxentina.

CUCHICHEROS é un sexteto dedicado á interpretación de arreglos vocais de música folklórica arxentina. Nace en 2013, co obxectivo de dar a coñecer o enorme repertorio de arreglos sobre música de Gustavo “Cuchi” Leguizamón en versións vocais do gran maestro cordobés Hugo de la Vega. Pero a través dos diferentes proxectos ampliou o seu repertorio abarcando outros compositores e arregladores arxentinos e latinoamericanos. É un grupo independente, conformado por cantantes profesionais e directores corais provenientes de Córdoba, Río Cuarto, La Plata, Capital Federal e Rosario. A dirección do grupo está a cargo de Juan Manuel Brarda.

Cuchichear para a RAE significa “Falar ou dicir algo en voz baixa”. Deste xogo de palabras nace Cuchicheros, versións vocais sobre a obra do Cuchi Leguizamón e outros. É unha homenaxe compartida a grandes mestres que moito teñen que ver coa literatura folklórica e coral de Arxentina. *Cuchicheamos* a obra de quen se une para deixarnos exquisitas versións, propostas e realidades da nosa música.

Programa: MOSAICO LATINOAMERICANO

- 1) MATURANA.*
- 2) AIRES DEL NORTE ARGENTINO. Melodías tradicionais e cancións populares. Versión vocal: Dante Andreo
- 3) ME VOY QUEDANDO.**
- 4) PAMPAMAPA. Carlos Guastavino
- 5) DEJA LA VIDA VOLAR. Letra e música: Victor Jara. Versión vocal: Nicolás Alessandróni
- 6) LAVANDERAS DEL RÍO CHICO**
- 7) CARNAVALITO DEL DUENDE*
- 8) DE ESTAR ESTANDO**

- 9) ALLÁ POR EL QUEBRACHAL
- 10) COPLAS DEL REGRESO. Música: Gustavo “Cuchi” Leguizamón. Letra: Luis Franco. Versión vocal: Hugo de la Vega
- 11) JUAN DEL MONTE**
- 12) ZAMBA DEL SILBADOR*
- 13) ADOLORIDO. Letra e música: Juan Quintero. Versión vocal: Fernanda Quintás
- 14) MOSAICO IBEROAMERICANO. I) Caminito. II) Berimabao. III) El Cascabel. Armonización: Dante Andreo
- 15) LOS PÁJAROS PERDIDOS. Letra: Mario Trejo. Música: Astor Piazzolla
- 16) VIEJO CORAZÓN. Letra e música: Polo Giménez. Versión vocal: Hugo de la Vega

*Música: Gustavo “Cuchi” Leguizamón. Letra: Manuel J. Castilla. Versión vocal: Hugo C. de la Vega

**Música e letra Gustavo “Cuchi” Leguizamón. Versión vocal: Hugo C. de la Vega

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Príncipe 54 - 36202 Vigo

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

comunicacion@marcovigo.com

www.marcovigo.com